

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CENTRO:** CEIP PLURILINGÜE VÍCTOR LÓPEZ SEOANE

**CURSO:** 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

**MATERIA:** Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá, Ciencias Naturais e Sociais, Valores Sociais e Cívicos, Educación Artística (Plástica)

**DATA:** 08/05/2020

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (MATEMÁTICAS)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar e resolver problemas da vida cotiá, relativos aos contidos traballados, establecendo conexións entre a realidade e as Matemáticas, e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados para a resolución de problemas.	Iníciase na práctica do método científico, sendo ordenado, organizado e sistemático.
Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en Internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións.	Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas.

## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.	Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.
Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.

## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (CIENCIAS NATURAIS)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer as principais partes do corpo humano e as súas principais características utilizando os coñecementos para elaborar estratexias para o desenvolvemento dunha vida saudable.	Identifica e describe as partes do corpo humano. Identifica os alimentos necesarios para unha alimentación saudable. Desenvolve hábitos de coidado do corpo, valorando a hixiene persoal, o descanso, o uso adecuado do tempo libre e a atención ao corpo.
Recoñecer e clasificar con criterios elementais os animais máis relevantes do seu contorno así como algunhas outras especies coñecidas aplicando a información obtida a través de diversos medios.	Observa de xeito directo e indirecto animais, identificándoos, nomeándoos e clasificándoos segundo elementos observables, onde viven?, como nacen?, que comen?, segundo a súa pertenza a algún dos principais grupos.

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (CIENCIAS SOCIAIS)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer a súa pertenza a certos grupos sociais (familia, escola, grupo de iguais), apreciando as súas características e trazos propios.	Valora a súa pertenza a certos grupos sociais (familia, escola, grupo de iguais) recoñecendo as súas características e trazos propios.
Comprender a organización social do seu ámbito próximo (casa, barrio, municipio...).	Coñece os distintos tipos de barrios, dentro da súa localidade e identifica a aldea, a vila e a cidade coas súas semellanzas e diferenzas.

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (Valores Sociais e Cívicos)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar, e expresándoas plasticamente.	Identifica e comunica as súas emocións.
Descubrir e comprender as diferenzas entre as persoas, realizar consideracións positivas das calidades e facer gabanzas enriquecendo a propia bagaxe social e cultural.	Mostra actitudes de respecto cara a un mesmo e cara aos demais.

## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA))

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plásticas.
Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	Realiza composicións propias entregando as ferramentas e técnicas básicas (recortar, pegar, usar pinceis, rotuladores...).

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: seguimento semanal das actividades realizadas polo alumnado a través de medios telemáticos. Ademais, o pai e a nai serán, en moitos casos, parte activa, poñendo en práctica pautas educativas, traballando hábitos e normas, establecendo límites, estimulando a linguaxe oral, a motricidade a autonomía persoal e a socialización cos iguais, etc.
	Instrumentos: fichas e actividades realizadas ao longo do trimestre, así como tamén mensaxes electrónicas.
<b>Cualificación final</b>	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: a avaliación e cualificación adaptárase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Nesta etapa educativa non se contempla esta proba.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación: prestarase especial atención á avaliación do alumnado con materias pendentes. No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación de materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser requerido á realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva. Considerándose a repetición unha medida moi excepcional (non se baseará soamente no número de materias non superadas senón nas necesidades).
	Criterios de cualificación: valorar o esforzo realizado para seguir mantendo hábitos de traballo dentro das actividades propostas sempre para favorecer ao alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación: seguimento semanal das actividades realizadas polo alumnado a través de medios telemáticos. Ademais, o pai e a nai serán, en moitos casos, parte activa, poñendo en práctica pautas educativas, traballando hábitos e normas, establecendo límites, estimulando a linguaxe oral, a motricidade a autonomía persoal e a socialización cos iguais, aportando informes doutros profesionais, etc.

Respecto aos instrumentos de avaliación teranse en conta fichas e actividades realizadas ao longo do trimestre, así como tamén mensaxes electrónicas.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación dos contidos traballados de xeito presencial. Entre elas inclúense: xogos manipulativos, xogos de lóxica, actividades de cálculo, resolución de problemas, experimentos, investigacións, actividades de expresión oral e escrita, manualidades, actividades audiovisuais, lecturas...
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	A totalidade do alumnado está conectado á rede polo que utilizamos unha metodoloxía telemática (páxina web, Abalar, correo electrónico, chamadas telefónicas...).
<b>Materiais e recursos</b>	Documentos dixitais (páxinas web), tanto do centro como outras de tipo educativo (educaplanet.com, mundoprimary.com, cokitos.com, edufichas.com, adelaleiro.com, premiosmartincodaxdamusica.gal, pinterest.com, vídeos de youtube e fichas de recuperación, repaso, reforzo e ampliación proporcionadas polas editoriais e tamén de elaboración propia.

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Estamos en contacto permanente coas familias a través da plataforma electrónica Abalar do correo electrónico e chamadas telefónicas.
<b>Publicidade</b>	Este documento será publicado na páxina web do centro.